



Concello de Lugo

Desenvolvemento Local

MLA/pgm

Ref^a: Decreto aprobación bases cantería

Asunto: Curso Rehabilitación de espazos públicos en traballos en pedra

DECRETO NÚMERO 417/2011 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO E COMERCIO, DITADAS POLA TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DE ÁREA.

Ilma. Sra. dona SONIA MENDEZ GARCIA, Tta. de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego.

Lugo, once de novembro de dous mil once.

Instruído expediente relativo a: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, O CONCELLO DE LUGO E A FUNDACIÓN LABORAL DA CONSTRUCCIÓN PARA DESENVOLVER ACCIÓNS FORMATIVAS ENCAMINADAS Á CAPACITACIÓN DE TRABALLADORES PARA REHABILITACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS EN TRABALLOS CON PEDRA, e tendo en conta:


1.- Informe da Axencia de Desenvolvemento local de data 10 de novembro de 2011 que literalmente di o seguinte:

“ Instruído expediente relativo ó Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Lugo e a Fundación Laboral da Construcción para desenvolver accións formativas encamiñadas á capacitación de traballadores para rehabilitación de espazos públicos en concreto traballos con pedra, dende a Axencia de Desenvolvemento Local, dende a Axencia de Desenvolvemento Local proponse:

1º) Aprobación das seguintes:

BASES DE CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS E BENEFICIARIAS DA ACCIÓN FORMATIVA “REHABILITACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS EN TRABALLOS CON PEDRA” AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, O CONCELLO DE LUGO E A FUNDACIÓN LABORAL DA CONSTRUCCIÓN.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA



MURALLA
patrimonio da humanidade



Concello de Lugo

Desenvolvemento Local

MLA/pgm

Refº: Decreto aprobación bases cantería

Asunto: Curso Rehabilitación de espazos públicos en traballos en pedra

Este documento ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a convocatoria de selección de 15 persoas beneficiarias da acción formativa “Rehabilitación de espazos públicos en traballos con pedra” ao abeiro do Convenio de colaboración asinado entre a Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Lugo e a Fundación Laboral da construción.

2.- CARACTERÍSTICAS DA ACCIÓN FORMATIVA:

2.1. Duración, horario e lugar de desenvolvemento:

A acción formativa terá unha duración de 640 horas e desenvolverase en horario de mañá e/ou tarde nas instalacións da Fundación Laboral da Construción (San Xoan do Alto - Vilaesteve - Lugo), durante 92 días lectivos, 7 horas cada día (dende xaneiro a maio de 2012).

2.2. Contido:

A acción formativa constará de parte teórico-práctica en aula, e práctica en espazos públicos rurais e urbanos susceptibles de ser arranxados polos alumnos/as traballadores/as participantes (lavadoiros, cruceiros, balados, fontes, etc.).


2.3 Bolsa de asistencia

As/os alumnas/os que non estean incurso en ningunha das prohibicións establecidas pola lei para recibir axudas públicas (artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións), recibirán unha bolsa de asistencia conforme ao procedemento e tramitación que se sinala de importe aproximado de 380 € mensuais que se cobrará a partir do segundo mes de formación.

A bolsa de asistencia será incompatible con calquera outra prestación que se perciba derivada da situación de desemprego.

2.4. Diplomas

As/os alumnas/os que asistan a un 75% das 640 horas destinadas a formación no oficio recibirán un diploma de asistencia. Ese diploma será de aproveitamento se así o xulga a entidade que imparte a formación.



MURALLA
patrimonio da humanidade



Concello de Lugo

Desenvolvemento Local

MLA/pgm

Ref: Decreto aprobación bases cantería

Asunto: Curso Rehabilitación de espazos públicos en traballos en pedra

3.- SOLICITUDE E REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

3.1. A solicitude para participar no proceso selectivo, presentarse no modelo normalizado que figura como anexo, no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, Rolda da Muralla nº 197 en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) dende o día 15 de novembro de 2011 ata o 1 de decembro de 2011 (ambos inclusive). Xunto coa solicitude, deberá acompañarse a seguinte documentación:

- copia do DNI
- copia actualizada da tarxeta de demandante de emprego
- copia da vida laboral

3.2. Para poder participar no proceso selectivo as persoas interesadas deberán:

- Ter nacionalidade española ou dalgún dos Estados membros da Unión Europea, ou dun Estado non integrado na Unión Europea que teñan residencia legal en España.
- Ter cumpridos 16 anos e non acadar a idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión, alomenos, do certificado de escolaridade
- Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas asociadas á formación á que se aspira.


Como requisito específico: persoas desempregadas que se atopen inscritas como demandantes de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego, con prioridade para as persoas empadroadas en Lugo.

4.- PROCESO DE SELECCIÓN

4.1. Comisión técnica de valoración.

O proceso selectivo realizarase por unha comisión técnica formada por un representante da Deputación Provincial, un representante do Concello de Lugo e un representante da Fundación Laboral da construción.

4.2. Sistema de selección. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, farase pública a lista das persoas admitidas e excluídas, no seu caso, ó proceso selectivo, o cal consistirá nunha entrevista curricular que en función do número de aspirantes poderá realizarse en forma oral ou escrita.



MURALLA
patrimonio da humanidade



Concello de Lugo

Desenvolvemento Local

MLA/pgm

Refº: Decreto aprobación bases cantería

Asunto: Curso Rehabilitación de espazos públicos en traballos en pedra

Na entrevista, valorarase: tempo de permanencia na situación de desemprego, o interese na procura activa de emprego e a idoneidade da acción formativa para o curriculum do/da interesado/a.

Unha vez realizada a valoración das entrevistas a comisión técnica de selección levantará acta, sinalando as persoas admitidas e no seu caso as reservas. A lista das persoas seleccionadas para a realización da acción formativa, así como as reservas publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello de Lugo, estableciéndose un prazo de tres días naturais para as reclamacións.

5.- RECURSOS

Contra as presentes bases, e a resolución que as aproba e mediante a que se realiza a presente convocatoria, resolución que pon fin á vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpor recurso potestativo de reposición diante do Alcalde, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación no taboleiro do Concello. Opcionalmente ou posteriormente, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da dita xurisdicción . sen prexuício de interpoñer calquera outro que se estime procedente.

6.- BASE FINAL

Os actos administrativos que se deriven das presentes bases e da actuación da Comisión de selección, poderán impugnarse polos/as interesados/as nos casos e na forma establecida na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común.

2º) Aprobación do modelo de solicitude que se xunta como anexo para tomar parte no devandito proceso selectivo , así como do prazo de presentación de solicitudes dende o 15 de novembro ata o 1 de decembro de 2011, ambos inclusive.

É canto procede informar”.

Por todolo anteriormente dito e no uso das atribucións conferidas ó Excmo. Alcalde no artigo 123 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a normativa específica de aplicación, e en virtude de delegación de Alcaldía conferida no seu Decreto núm. 60/2011 do 23 de xuño de 2011, do



MURALLA
patrimonio da humanidade



Concello de Lugo

Desenvolvemento Local

MLA/pgm

Refº: Decreto aprobación bases cantería

Asunto: Curso Rehabilitación de espazos públicos en traballos en pedra

Libro de Resolucions da Área da Alcaldía: Actas e Goberno e Normalización Lingüística.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes bases de convocatoria para a selección de berneficiarios/as da Acción formativa “Rehabilitación de espazos públicos en traballos con pedra”:

BASES DE CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS E BENEFICIARIAS DA ACCIÓN FORMATIVA “REHABILITACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS EN TRABALLOS CON PEDRA” AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, O CONCELLO DE LUGO E A FUNDACIÓN LABORAL DA CONSTRUCCIÓN.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Este documento ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a convocatoria de selección de 15 persoas beneficiarias da acción formativa “Rehabilitación de espazos públicos en traballos con pedra” ao abeiro do Convenio de colaboración asinado entre a Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Lugo e a Fundación Laboral da construción.

2.- CARACTERÍSTICAS DA ACCIÓN FORMATIVA:

2.1. Duración, horario e lugar de desenvolvemento:

A acción formativa terá unha duración de 640 horas e desenvolverase en horario de mañá e/ou tarde nas instalacións da Fundación Laboral da Construcción (San Xoan do Alto - Vilaesteve - Lugo), durante 92 días lectivos, 7 horas cada día (dende xaneiro a maio de 2012).

2.2. Contido:

A acción formativa constará de parte teórico-práctica en aula, e práctica en espazos públicos rurais e urbanos susceptibles de ser arranxados polos alumnos/as traballadores/as participantes (lavadoiros, cruceiros, balados, fontes, etc.).



MURALLA
patrimonio da humanidade



Concello de Lugo

Desenvolvemento Local

MLA/pgm

Ref: Decreto aprobación bases cantería

Asunto: Curso Rehabilitación de espazos públicos en traballos en pedra

2.3 Bolsa de asistencia

As/os alumnas/os que non estean incurso en ningunha das prohibicións establecidas pola lei para recibir axudas públicas (artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións), recibirán unha bolsa de asistencia conforme ao procedemento e tramitación que se sinala de importe aproximado de 380 € mensuais que se cobrará a partir do segundo mes de formación.

A bolsa de asistencia será incompatible con calquera outra prestación que se perciba derivada da situación de desemprego.

2.4. Diplomas

As/os alumnas/os que asistan a un 75% das 640 horas destinadas a formación no oficio recibirán un diploma de asistencia. Ese diploma será de aproveitamento se así o xulga a entidade que imparte a formación.

3.- SOLICITUDE E REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

3.1. A solicitude para participar no proceso selectivo, presentarase no modelo normalizado que figura como anexo, no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, Rolda da Muralla nº 197 en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) dende o día 15 de novembro de 2011 ata o 1 de decembro de 2011 (ambos inclusive). Xunto coa solicitude, deberá acompañarse a seguinte documentación:

- copia do DNI
- copia actualizada da tarxeta de demandante de emprego
- copia da vida laboral

3.2. Para poder participar no proceso selectivo as persoas interesadas deberán:

- Ter nacionalidade española ou dalgún dos Estados membros da Unión Europea, ou dun Estado non integrado na Unión Europea que teñan residencia legal en España.
- Ter cumpridos 16 anos e non acadar a idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión, alomenos, do certificado de escolaridade
- Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas asociadas á formación á que se aspira.



MURALLA
patrimonio da humanidade



Concello de Lugo

Desenvolvemento Local

MLA/pgm

Refª: Decreto aprobación bases cantería

Asunto: Curso Rehabilitación de espazos públicos en traballos en pedra

Como requisito específico: persoas desempregadas que se atopen inscritas como demandantes de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego, con prioridade para as persoas empadroadas en Lugo.

4.- PROCESO DE SELECCIÓN

4.1. Comisión técnica de valoración.

O proceso selectivo realizarase por unha comisión técnica formada por un representante da Deputación Provincial, un representante do Concello de Lugo e un representante da Fundación Laboral da construción.

4.2. Sistema de selección. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, farase pública a lista das persoas admitidas e excluídas, no seu caso, ó proceso selectivo, o cal consistirá nunha entrevista curricular que en función do número de aspirantes poderá realizarse en forma oral ou escrita.

Na entrevista, valorarase: tempo de permanencia na situación de desemprego, o interese na procura activa de emprego e a idoneidade da acción formativa para o curriculum do/da interesado/a.

Unha vez realizada a valoración das entrevistas a comisión técnica de levantará acta, sinalando as persoas admitidas e no seu caso as reservas. A lista das persoas seleccionadas para a realización da acción formativa, así como as reservas publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello de Lugo, estableciéndose un prazo de tres días naturais para as reclamacións.

5.- RECURSOS

Contra as presentes bases, e a resolución que as aproba e mediante a que se realiza a presente convocatoria, resolución que pon fin á vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpor recurso potestativo de reposición diante do Alcalde, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación no taboleiro do Concello. Opcionalmente ou posteriormente, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da dita xurisdicción . sen prexuício de interpoñer calquera outro que se estime procedente.

6.- BASE FINAL



MURALLA
patrimonio da humanidade



Concello de Lugo

Desenvolvemento Local

MLA/pgm

Refª: Decreto aprobación bases cantería

Asunto: Curso Rehabilitación de espazos públicos en traballos en pedra

Os actos administrativos que se deriven das presentes bases e da actuación da Comisión de selección, poderán impugnarse polos/as interesados/as nos casos e na forma establecida na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común.

SEGUNDO.- Aprobar o modelo de solicitude para a participación no devandito proxecto, así como o prazo de presentación de instancias desde o 15 de novembro ata o 1 de decembro de 2011, ambos inclusive.

Cúmprase



MURALLA
patrimonio da humanidade

INSCRICIÓN CURSO REHABILITACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS EN TRABALLOS CON PEDRA

Datos persoais:

Nome:	Apelidos:	DNI/Pasaporte:	
Enderezo:	Cidade:	CP:	
Telefonos:	E-mail:		
Data de nacemento:	Estado civil:	Núm de fillas/os (idades):	
Sinale se está a percibir algún tipo de prestación (indicar o tipo, a data de inicio e a data de fin desta):			
Nivel de estudos rematados:	Carné de conducir: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>		
Cursos de formación complementarios:			

Experiencia:	Organismo / Empresa:	Data de inicio:	Data de fin:

Declaración, lugar, data e sinatura
 A persoa asinante coñece e acepta os criterios de selección, e comprométese a cumprir os termos de asistencia para a obtención do certificado acreditativo o cobro das bolsas. Así mesmo, garante que a información facilitada é certa, completa e que coñece que a omisión ou falsidade dela dará lugar á anulación da súa candidatura. A través desta sinatura, autorízase a utilización destes datos na intermediación das ofertas de emprego, así como de formación e asesoramento. En calquera caso, estes datos non poderán ser utilizados para finalidades distintas a aquelas para as que foron recollidos, axustados a normativa establecida na Lei Orgánica 15/1999, 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (B.O.E 14/12/1999) e na Lei 34/2002, de 11 de xullo, de Servicios da Sociedade da Información e de Comercio Electrónico (B.O.E. 12/07/2002).

Lugo, de de 20

Sinatura:



Concello de Lugo